Desexámosvos...

un bo

**libro**

e

unhas lectoras






COLEXIO PUBLICO "OS CASAIS"
MANIÑOS

Nadal 2010

DENDE A BIBLIOTECA



PENSANDO
"NESA"
CARTA ...

## ...que tod@s pensades escribir ...



... a canta xente máxica esté disposta a manter a vosa ilusión , porque nestas datas sempre vos da pola vena epistolar... pois de novo suxerencias para pedichonear:

### 1º CICLO PRIMARIA:



- **O Baúl dos Monstros-E.Lluch- Baía**: Zombi, vampiro, bruxa, home do saco...non hai monstro que se precie que non esté neste baúl, dez libros para pasalo DE MEDO!!!







- **A illa do tesouro (Stevenson)** e **20.000 leguas baixo os mares (Verne)- Baía** : Dous clásicos de aventuras que esta editorial adapta para ti e que de certo che van encantar.
- **O soldadiño de chumbo-Andersen- Galaxia,árbore-cinema**:Outro clásico, pero de amor, con fermosas ilustracións e con DVD







- **Tanneke, a princesa das bruxas-A.Leysen-Linteo:** Esta pequena meiga soña con carrozas de princesa, traxes de princesa, e ras que se diesen bicar pero...e se o seu soño se convirte en realidade???
- **Ola,ola,la-Mamá Cabra:** Porque sei que che gusta cantar.







- **X o a - A.Yáñez Casal-Xerais:** Facía moitísimo que non nascía unha xoaniña no lugar, por iso o seu nacemento supuxo unha grande festa.
- **Tiempo para más cuentos-C.de la Hoz-Pintar Pintar:**Todo ía ben, contos, risas, pelexas, présas, ata que mamá tivo que ir ao hospital...e regresou sen a súa fermosa melena.







- **Oscar y los gatos lunares-L.Genne-Thule:**Óscar ten unha casa e un neno. Unha noite brinca tanto que chega á lúa e atopa gatos máis grandes ca el...






- **¿Hay algo más aburrido que ser una princesa rosa?-R.Díaz-Thule:** Carlota quere ser astrónoma, cociñeira, rescatar príncipes sen bicar ras, e odia o rosa e que lle digan que é así por ser princesa, porque ela é ... unha nena!!!!.
- **Sapo Manuel Qunorrana-J.Campari-M1C:**E este príncipe está Farto de princesas que queren bicalo, porque é moi feliz coma sapo.







- **Una danza para Chanel-R.Josephine-Jaguar,colec.Miau:** Todos os felinos adoran a noite, pero a gatiña Chanel tenlle un terror espantoso, ata que os seus pais a obrigan a saír unha noite.
- **Dos hermanas reciben visita-S.Bougaeva-TakaTuka:** Viven tan contentas cos seus animais ata que reciben a visita do seu curmán, e anque lles alegra un montón, el é un metomentodo.




